

Programa do Obradoiro de Slam

O *slam* poético: ferramenta para traballar a escrita e a comunicación ante o público

Todos os usos da palabra para todos (...) Non para que todos sexan artistas, senón para que ninguén sexa escravo.

Gianni Rodari

Poetas son aquelas persoas que conservaron a súa ollada da infancia.

Alphonse Daudet

Un *slam* é un torneo de poetas que recitan os seus textos baixo a atenta ollada dun público que cualificará a súa intervención.

Cando se prepara un texto para participar nun *slam* interveñen varios factores, algúns que se identifican cos de calquera texto poético, e outros que se aproximan ás artes escénicas e distintas formas de comunicación, como a narración oral, etc.

Esta característica multidisciplinar do *slam* convérteo nunha ferramenta idónea para traballar, desde diferentes perspectivas, moitos aspectos da lingua, oral e escrita, da poesía e da comunicación en xeral.

Que faremos no obradoiro?

Achegarnos a modelos de textos que habitualmente se enmarcan neste “xénero” da poesía falada ou recitada para coñecer a súa orixe e as tendencias máis actuais.

Comprender os mecanismos e técnicas das que se poden botar man para que un texto poético sexa efectivo de cara á finalidade do *slam*: expoñelo ante un público.

Prácticas de escrita poética para *slam*.

Prácticas de recitado, con pautas para a dicción, técnica vocal, expresiva etc., que nos permitirán adquirir destrezas, non só para transmitir textos poéticos, senón calquera texto ou discurso ante un público.